

**ACTA NÚMERO: 28/2024**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 22 DE AGOSTO DE 2024.**

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 22 de agosto de 2024 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidenta:** D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG.
- Dona Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal en funcións de Secretario Accidental.
- D. Jaime David de Ruibal Sola, Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Dona Carmen de Peña Vidal, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Antonio Torrón Casal, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 8 de agosto de 2024 (Reunión 27/2024).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa OPERACONCERT, S.L., no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de tres recitais "Querida Montserrat, querido Luciano", de Operaconcert. (Expte.- 2024045454).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA, no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo "Mundiais U20 de loitas olímpicas". (Expte.- 2024048670).*
4. *Proposta adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do "Centro de Servizos e Apoio Empresarial" e do "Viveiro de empresas" do polígono de Barro" (Expte.- 2024027810)*
5. *Apertura dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avialable mediante criterios non automáticos para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de realización de actividades didácticas (visitas e talleres) en varios dos xacementos galaico-romanos que integran o proxecto "Trazas de Pontevedra" (Expte.- 2024017998).*
6. *Apertura sobre único do procedemento aberto simplificado do expediente de contratación para a subministración dunha solución EDR para a Deputación de Pontevedra (Expte.- 2024039134)*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, e D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro,



económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 8 de agosto de 2024 (Reunión 27/2024).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 8 de agosto de 2024 (Reunión 27/2024).

**2. Dar conta da oferta presentada pola empresa OPERACONCERT, S.L., no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de tres recitais "Querida Montserrat, querido Luciano", de Operaconcert. (Expte.- 2024045454).**

Por Resolución Presidencial número 2024006451 de data 05/08/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres recitais "Querida Montserrat, querido Luciano", cun orzamento de licitación de 40.172 €, IVE engadido..

Na citada resolución tamén se acorda invitar á empresa OPERACONCERT, S.L. (B88125695) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Licitación Electrónica VORTAL, que se produce o día 05/08/2024.

A empresa OPERACONCERT, S.L. (B88125695) presentou a proposición con data 07/08/2024, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento. A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	33.200,00 €
IVE (21 %)	6.972,00 €
Importe ofertado con IVE	40.172,00 €

A Mesa de Contratación, queda enterada da oferta presentada pola empresa OPERACONCERT, S.L. (B88125695) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres recitais "Querida Montserrat, querido Luciano".

**3. Dar conta da oferta presentada pola FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA, no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo "Mundiais U20 de loitas olímpicas". (Expte.- 2024048670).**



Por Resolución Presidencial número 2024006336, de data 30 de xullo de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo "*Mundiais U20 de loitas olímpicas*", cun valor máximo estimado de 70.000,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á Federación Galega de Loita (CIF: G36651081), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 31/07/2024.

A Federación Galega de Loita (CIF: G36651081) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	57.851,24 €
IVE (21 %)	12.148,76 €
Importe ofertado con IVE	70.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola Federación Galega de Loita (CIF: G36651081), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio deportivo "*Mundiais U20 de loitas olímpicas*".

**4. Proposta adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do "Centro de Servizos e Apoio Empresarial" e do "Viveiro de empresas" do polígono de Barro*" (Expte.- 2024027810).**

O Secretario informa que por Resolución Presidencial número 2024004401 de data 29/05/2024 aprobouse a memoria valorada para a execución da obra "*Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial*" redactada polo técnico adscrito ó Servizo de Cooperación, Don Jacobo Nores Lagoa, cun orzamento base de licitación de 39.814,87 € IVE incluído. A esta memoria asignóuselle o código (CSV) DEE81YV79IVXC7OG, e no expediente figura acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

A continuación comenta que por Resolución Presidencial número 2024005473 de data 27/06/2024 aprobouse o expediente de contratación para a antedita obra e, publícase no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra con data 1 de xullo de 2024 o anuncio de licitación e os pregos que rexen o procedemento de contratación.



Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 26/07/2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- ASISTENCIA YI SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.
- GRUNDILA, S.L.
- PEREIRO SUMINISTROS, S.L.
- RODIÑO OBRAS Y TRASMPORTES S.L.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
ASISTENCIA YI SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.	29.295,18 €	3,00%	36 MESES	NON APORTA	NON
GRUNDILA, S.L.	25.900,00 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
PEREIRO SUMINISTROS, S.L.	23.030,00 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
RODIÑO OBRAS Y TRASMPORTES S.L.	28.751,13 €	1,50%	24 MESES	NON	NON

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por PEREIRO SUMINISTROS, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara as condicións da súa oferta, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que PEREIRO SUMINISTROS, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP procedeuse á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE “ÚNICO”
ASISTENCIA YI SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.	39,20	10,00	10,00	0,00	59,20
GRUNDILA, S.L.	75,00	10,00	10,00	0,00	95,00
RODIÑO OBRAS Y TRASMPORTES S.L.	45,11	5,00	5,00	0,00	55,11



A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa PEREIRO SUMINISTROS, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial e do Viveiro de empresas do polígono de Barro” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	GRUNDILA, S.L.	95,00
2	ASISTENCIA YI SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.	59,20
3	RODIÑO OBRAS Y TRASMPORTES S.L.	55,11

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial e do Viveiro de empresas do polígono de Barro” á empresa GRUNDILA, S.L., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....25.900,00 €  
IVE (21%) .....5.439,00 €  
Importe Total ..... 31.339,00 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa GRUNDILA S.L figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 6159) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa GRUNDILA S.L (CIF B32323370) mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica



### Solvencia económica e financeira

Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.

O volume anual de negocios da persoa licitadora acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

### Solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou licitador deberá presentar os seguintes documentos:

Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe, a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

- b) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
  - 1 Xefe/a de obra coa titulación de arquitecta/o, arquitecta/o técnica/o, enxeñeira/o ou enxeñeira/o técnica/o ou equivalente. Deberá ter una experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 1.645,24 €

**5. *Apertura dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios non automáticos para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de realización de actividades didácticas (visitas e talleres) en varios dos xacementos galaico-romanos que integran o proxecto "Trazas de Pontevedra" (Expte.- 2024017998).***





Por Resolución Presidencial número 2024006305, de data 30 de xullo de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de realización de actividades didácticas (visitas e talleres) en varios dos xacementos galaico-romanos que integran o proxecto "Trazas de Pontevedra".

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 31 de xullo de 2024. Así mesmo, na mesma data publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse mediante a plataforma de licitación electrónica VORTAL, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo. Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e obsérvase que non existe ningunha empresa presentada dentro do prazo establecido ao efecto, polo que a Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de realización de actividades didácticas (visitas e talleres) en varios dos xacementos galaico-romanos que integran o proxecto "*Trazas de Pontevedra*" por non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato.

#### **6. *Apertura sobre único do procedemento aberto simplificado do expediente de contratación para a subministración dunha solución EDR para a Deputación de Pontevedra (Expte.- 2024039134)***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024006474 de data 05/08/2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da subministración dunha solución EDR (Endpoint detection response) para a Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 6/08/2024.

Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación comproba que non se presentou ningunha oferta a este procedemento polo que a Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración dunha solución EDR (Endpoint detection response) para a Deputación de Pontevedra.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e dez minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

